

RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Universidades pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde do 28 de maio de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

A Orde do 28 de maio de 2019 (DOG núm. 111, do 13 de xuño), conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece as bases polas que se rexe a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, en réxime de concorrencia competitiva. O anexo I desta orde regula a modalidade A destas axudas e establece no artigo 6 o procedemento de avaliación do rendemento para a fase de estadía das persoas contratadas con cargo á modalidade A deste programa.

Os contratos en vigor correspondentes a estas axudas están no ámbito de aplicación da Orde do 19 de xuño de 2020 (DOG número 128, do 30 de xuño), polo que a súa duración foi ampliada 6 meses no centro de destino do seu segundo ano de estadía como consecuencia da situación creada pola Covid-19.

De acordo coas directrices emanadas da Instrución 1/2022, da Secretaría Xeral de Universidades para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento da fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, do ano 2019, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida polas universidades.

De acordo co Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

Na Resolución da Secretaría Xeral de Universidades do 29 de marzo de 2022 recolleu o resultado da avaliación da fase de estadía das persoas investigadoras que finalizaban o contrato no mes de abril.

Unha vez revisada a documentación correspondente á investigadora que se indica no cadro que se achega, que finaliza o seu contrato no mes de outubro de 2022, a Secretaría Xeral de Universidades

RESOLVE:

1. Declarar que a investigadora indicada a continuación acadou unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 28 de maio de 2019 e coa Instrución 1/2022, o que lle posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.





Nº expediente	Univ.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
ED481B-2019-074	UVigo	García	Moreiras	Iria	****8080*

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que consideren procedente.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

